

**MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO E CENTRO DE ARTESANÍA
TRADICIONAL - CAT. PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE 2014****MUSEO LISTE VIGO****EXPOSICIÓN PERMANENTE.**

Colección etnográfica distribuída en oito salas temáticas que abordan contidos diversos: os tecidos, os oficios, o peche, a madeira escavada, a luz, a relixión popular, a medicina popular e a cultura do centeo. Todos os obxectos expostos actúan como anfitrións para transmitir aos visitantes modos de vida pretéritos. O seu valor documental converte a súa humildade nunha prezada calidade.

Despois da renovación expositiva realizada no 2013 na Sala do Centeo, adóptanse este ano, en distintas salas, novas formas de exposición acompañadas de información textual significativa.

Ademais, a Sala dos Oficios acollerá trimestralmente representacións doutros traballos non presentes na exposición permanente e que a complementarán.

A ocupación recollida e exhibida, neste primeiro trimestre do ano, será a da “olería”, con pezas producidas polos máis importantes obradoiros galegos comezando por “Gundivós”.

VISITAS GUIADAS:

Disponibles, como ven sendo habitual, para grupos previa solicitude.

Para o público en xeral, estes percorridos guiados realizaranse todos os mércores e sábados ás 17:30 h.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- EXPOSICIÓN TEMPORAL: HIJAS DE J. NIETO: UN OFICIO SINGULAR, FABRICANTES DE SÍMBOLOS.

Contido: percorrido a través do proceso de elaboración dos selos de caucho máis representativos da industria viguesa e da súa área de influencia. A exposición acolle o mobiliario e os útiles de traballo procedentes do obradoiro “Hijas de J. Nieto”, fábrica de selos de caucho que tivo a súa sede durante tres xeracións de traballadoras na céntrica rúa de Eduardo Iglesias. O obxectivo da exposición non se limita á mera presentación do oficio, senón a mostrar o seu vencello coa historia da cidade, retomando, deste xeito, o Museo o seu empeño na recuperación do patrimonio industrial de Vigo.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Suporte didáctico:

- Pezas procedentes do obradoiro “Hijas de J. Nieto”.
- Textos de sala como apoio á exposición.
- Monitor-guía para grupos.

Duración: do 15 de novembro de 2013 ao 30 de xuño de 2014.

A visita a esta exposición é gratuíta.



- CON PÉS E CABEZA (EXPOSICIÓN ITINERANTE).

Contido: exposición itinerante en exhibición, na actualidade, no Castelo de Sobroso en Ponteareas. Esta produción comezou a súa andaina no Museo Liste no ano 2010 e pasou, despois, polo espazo expositivo “Área Panorámica” de Tui. Conta con máis dun cento de pezas entre tocados para cubrir a cabeza e calzado.

Lugar: Castelo de Sobroso, Centro de Recuperación da Cultura Popular (Ponteareas).

Datas: sen especificar clausura.

Suporte didáctico: calzado e sombreiros utilizados como indumentaria ao longo dos tempos e que reflicten usos e estamentos sociais ben diversos. Dende os humildes puchos ata os exquisitos sombreiros de copa ou dende as alpargatas ás zocas abotinadas que imitaban o calzado utilizado polas clases máis acomodadas, os visitantes farán un percorrido pola historia da man destas pezas de indumentaria tan significativas.

- **MOSTRA TEMPORAL: UN BALEIRO ÚTIL**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo

Contido: achega dunha selección de útiles relacionados coa “madeira escavada”, temática presente nunha das salas que reflicten solucións á problemáticas semellantes en lugares moi afastados do planeta. A través delas ofreceremos unha nova perspectiva dende o coñecemento comparado.

Lugar: sala da madeira escavada do Museo.

Datas: todo o ano. As pezas contidas na mostra renóvanse de xeito trimestral.

Soposte didáctico: pezas en madeira escavada orixinarias de diversos continentes.

- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: VEDACIÓNS.**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.

Contido: a temática atinxe aos distintos tipos de valado das fincas que reflicten as moitas formas de delimitar a propiedade e a importancia que estes lindes tiñan na base dunha sociedade apegada e definida pola terra e o seu dominio.

Lugar: sala de “O Peche” do Museo.

Datas: todo o ano. Con novas incorporacións de xeito trimestral.

Soposte didáctico: fotografías que ilustran as diversas formas de sinalar as propiedades privadas.



- **MOSTRAS FOTOGRÁFICAS: RETRETES.**

Actividade complementaria e incluída no percorrido polo Museo.

Contido: exhibe as variadas solucións hixiénicas de antano, cos vellos retretes de castelos, pazos e casas; así como outras solución cara o futuro dos inodoros que se foron afastando do campo.

Lugar: paredes do “escusado” do Museo.

Datas: todo o ano. Con continuas incorporacións.

Soposte didáctico: fotografías.

- **MOSTRA FOTOGRÁFICA: CON OUTRO ENFOQUE.**

Contido: mostra fotográfica de D. José Luís Gómez Márquez iniciada no 2013.

Ao redor dunha decena de fotografías de gran formato repartidas polas salas de exposición permanente que permitirán obter unha perspectiva diferente de certas pezas expostas e un pretexto para probar a nosa capacidade de observación. Unha maneira de integrar as imaxes no discurso expositivo como xeito de enriquecer os contidos.

Lugar: salas de exposición permanente.

Datas: durante todo o ano.

Soporte didáctico: fotografías de D. José Luís Gómez Márquez.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN: Hijas de J. Nieto: o obradoiro da rúa do Circo.

Contido: charla didáctica ofrecida por D^a. Josefina e D^a María Luísa Soneira Guimarey, representantes da terceira xeración de mulleres dedicadas a fabricación tradicional dos selos de caucho na cidade de Vigo. A través das súas palabras mergullarémonos na historia da pequena empresa familiar creada, a principios do século XX, por tres mulleres emprendedoras que souberon transmitir o amor pola confección de palabras e símbolos ás xeracións que as sucederon. O mobiliario e distintas pezas deste obradoiro, que tivo a súa sede na rúa Eduardo Iglesias, atópanse, como testemuñas desta dedicación, expostas na “Sala de Exposicións Temporais” do Museo Liste ata o 30 de xuño de 2014.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Datas: por determinar. Serán convenientemente difundidas.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: público en xeral, entrada de balde.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á VISITA Á EXPOSICIÓN PERMANENTE**- NA COMPAÑA DO HOME**

Contido: Unha escolma de pezas vannos descubrir a importancia de determinadas obxectos como elementos de compañía en moi distintos momentos do devir cotián (caxatos, aguilladas, chaves, fachóns, navallas, farois,...). En torno a este tema coñeceremos o especial valor que a nosa cultura outorgou a determinados elementos que, lonxe da súa sinxela aparencia, puideron chegar a ser imprescindibles. Destacar a importancia de todo aquilo que acompañaba á persoa na súa traxectoria vital e a transcendencia que cada un lle daba. De igual xeito que hoxe en día acompañánnos o móbil, as tarxetas, os panos de papel,... noutros tempos unha corda, o chisqueiro ou un fuso e unha roca, eran elementos que adoitaban ir con homes ou mulleres nos seus desprazamentos.

Lugar: sala “ A cultura do centeo”.

Datas: 1º trimestre.

Duración: 15-20 m.

Dirixido a: grupos escolares.

Soporte didáctico: escolma de pezas de carácter etnográfico como apoio ao discurso e monitoraxe.

- OS XOGUETES ESQUECIDOS.

Contido: mostra de xoguetes co obxectivo de introducir aos nenos na comparativa entre épocas analizando a evolución das pezas e dos materiais que conformaban os aspectos lúdicos da infancia. A través da observación da necesidade da presenza do xogo na nenez, achegarémonos ás distintas concepcións desta etapa da vida. De xeito trimestral, ofertaranse, ademais da visión xeral, monográficos sobre determinados tipos de xoguetes. Neste primeiro trimestre do ano, deterémonos na historia dos xoguetes estrela de todas as épocas: as bonecas e os vehículos.

Lugar: sala “O devir das estacións”

Datas: durante todo o ano

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos escolares de infantil e primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: pezas pertencentes á colección do Museo Liste e a distintas coleccións privadas; audiovisuais e monitoraxe.

ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL

- A CANDELARIA: A CERERÍA DEDICADA AO CULTO.

Contido: pequeno obradoiro de construción de velas ademais de apoio audiovisual e monitoraxe sobre a elaboración tradicional de velas e exvotos de cera e o seu uso relixioso máis que doméstico.

Lugar: Sala “ O devir das estacións”.

Datas: do 28 de xaneiro ao 2 de febreiro.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos escolares de primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: pranchas de cera, mechas e demais materiais, así como medios audiovisuais e monitoraxe

- O ENTROIDO: QUEN MATOU AO MECO? MATÁMOLO TODOS.

Contido: a sardiña, o meco, o loro Ravachol,... son algúns dos personaxes que protagonizan o fin de Entroido en vilas e cidades de Galicia. A partir deles, coñeceremos aspectos deste fin de festa. Como experiencia práctica, os nenos realizarán unha careta representando a un loro que poderán levar para utilizar nos seus disfraces.

Lugar: sala “ O devir das estacións”.

Datas: do 1 ao 9 de marzo.

Duración: 30 m.

Dirixido a: grupos escolares de primaria previa solicitude.

Soporte didáctico: audiovisuais e monitoraxe.



- **A RECONQUISTA.**

Contido: co gallo da celebración da festa da Reconquista o día 28 de marzo, convócase o I Concurso Fotográfico “A Reconquista” convocado polo Museo Liste.

Datas: nas que teña lugar a súa celebración oficial.

Bases:

Participantes: público en xeral, fotógrafos afeccionados.

Temática: A Reconquista Viguesa.

Envío das obras: a través da seguinte dirección de correo electrónico biblioteca@museoliste.org en formato jpg.

Prazos de entrega: ata o 7 de abril de 2014.

Selección de obras, xurado e fallo: o xurado que seleccionará as obras gañadoras estará formado por expertos en fotografía, membros do Padroado da Fundación Liste e persoal técnico do Museo. O fallo será publicado na páxina web do Museo e as fotografías gañadoras expostas na recepción do mesmo.



OBRADOIROS

- **A MUDA.**

Contido: a intención é amosar o uso da roupa interior no pasado, aspecto da indumentaria pouco tratado e que, curiosamente, reflicte grandes diferenzas sociais. Coñecida como “a muda” esta parte da vestimenta presenta unha grande riqueza documental en canto a usos, materiais, etc.

Lugar:* sala “ O devir das estacións”.

Datas: 1º trimestre do 2014.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: grupos de adultos e alumnos de bacharelato e universidade previa solicitude (grupos de 10 persoas como mínimo)

Soporte didáctico: distintas pezas de roupa interior procedentes da colección de Rafael González Goyanes e M^a José Martínez.

Monitor: Rafael González Goyanes, artesán téxtil e especialista en indumentaria tradicional.

*Esta actividade tamén se realizará no CAT se así se solicita.

- INSTRUMENTOS HUMILDES.

Contido: actividade que mostra os múltiples recursos cos que orixinar sons musicais. A través do son e das cancións tradicionais e populares coñecemos a forma de tocar os instrumentos, a súa historia, como se fabricaban, as coplas que os acompañaban, se eran tocados por homes ou por mulleres,... O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en: instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. A actividade adáptase, tanto en extensión como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.

Lugar:* salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos

Soporte didáctico: instrumentos de son e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

*Este taller tamén se realizará no CAT se así se solicita.



CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – CAT

EXPOSICIÓN PERMANENTE: CESTEIROS NA TRADICIÓN

Contido: ampla mostra de pezas de cestería. O vimbio, a madeira rachada, o colmo, os materiais a partir dos que se elaboran estes obxectos convértense no fío condutor que sustenta o discurso expositivo. A partir de aí, as pezas móstranse en función da súa utilidade. Mención aparte merece a arte da cestería en Vigo, representada nun módulo específico significando as súas pezas máis emblemáticas así como as técnicas e materiais empregados habitualmente.

Xunto coa visita á exposición realizarase, neste primeiro trimestre do ano, unha exhibición do proceso productivo apoiada no traballo do artesán cesteiro que actúa como monitor co tema da “Cestería decorativa”.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves de 11:00 a 14:00 h.

mércores de 17:00 a 20:00.

Previa solicitude para grupos.

Duración: 1 h. e ½

Soporte didáctico: colección de cestería tradicional propiedade do C.A.T.



EXHIBICIÓN DO PROCESO PRODUCTIVO: A CESTERÍA DECORATIVA.

Actividade complementaria, que se realiza xunto coa visita á exposición: Cesteiros na tradición.

Baixo este epígrafe acóllese unha pequena mostra de pezas como apoio á exhibición do proceso creativo levado a cabo polo artesán cesteiro encargado de monitorizar a actividade. Exhibición de obxectos que lonxe de apoiar a súa valía na súa funcionalidade móstrannos a vertente máis artística e creativa da arte da cestería. Como exemplos, lámpadas e outras pezas cun valor unicamente decorativo achégannos á versatilidade deste oficio artesán.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves pola mañá (de 11:00 a 14:00 h.) e os mércores pola tarde (de 17:00 a 20:00) Previa solicitude para grupos.

Duración: 1 h. e ½

Soporte didáctico: monitor artesán especializado, material preciso en cada caso para a aprendizaxe práctica e apoio audiovisual.

CURSOS

- INICIACIÓN Á CESTERÍA EN COLMO.

Contido: acción formativa de iniciación na técnica tradicional do cosido en espiral utilizando a palla de centeo ou colmo como materia prima. Este tipo de cestería atópase actualmente en desuso.

Técnica coñecida, sobre todo, por ser utilizada na confección de sombreiros, foi tamén moi valorada para o tecido de cestos en zonas de grande produción cerealista. Proporcionaba recipientes moi apreciados para conter o gran, a fariña e para a tarefa da sementeira debido a grande capacidade de transpiración dos materiais empregados que conservan sen mofo o que neles se garda.

A palla ou colmo facilita a labor do cesteiro xa que permite comezar o tecido da peza sen necesidade de procesamento previo como ocorrería no caso do emprego do vimbio ou da madeira.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT)

Dirixido a: público en xeral.

Duración: 12 horas.

Datas e horarios: todos os mércores do mes de febreiro (días 5, 12, 19 e 26) de 17:00 h. a 20:00 h.

Nº de prazas: 10 persoas. Gratuito previa inscrición. (Período de inscrición aberto, ata completar as prazas, a través dos contactos referidos no cadro final).

Docente: Rubén Berto Covelo, artesán cesteiro.

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS

Contido: xorden, inicialmente, como percorridos de coñecemento guiados polo espazo urbano dentro do Casco Vello da cidade, ampliándose, agora, para abarcar outras rutas nas que afondar etnográfica e historicamente.

Así a oferta abarca dúas rutas: o Casco Vello e o Barrio de Bouzas.

A ruta do Casco Vello discorre polas diferentes rúas que o percorren e nos leva a facer unha análise das modificacións urbanísticas, da orixe dos seus topónimos, etc.

O percorrido polo barrio de Bouzas plantéxase como unha achega á idiosincrasia dun barrio, actualmente urbano, cun pasado dissociado da cidade olívica. Os seus puntos de referencia históricos veñen marcados por dous fitos: a concesión do título de vila por parte de Carlos III (s. XVIII) e a conservación do seu territorio como concello independente ata 1904.

Son, así mesmo, estas rutas, estratexias de sensibilización cidadá con respecto á visión dos elementos patrimoniais, que reflicten o modo de vida que aconteceu.

Salientar que o trazado da ruta presenta sempre variacións, o que supón un interese engadido para aqueles grupos ou particulares que desexen acadar un coñecemento máis amplo dos percorridos dos que se parte.

Rutas: os grupos poderán optar entre dous percorridos

Percorrido nº 1: Casco Vello

Percorrido nº 2: Bouzas

Lugar: o lugar de partida para cada un dos percorridos será convenientemente difundido.

Datas: a actividade ofértase todos os venres para grupos previa solicitude de forma gratuíta. Mínimo grupos de 15 persoas. Os particulares que desexen unirse ao grupo preestablecido, poderán facelo inscribíndose polas canles de contacto referidas no cadro final e sempre que existan prazas vacantes.

Hora: 16:30 h.

Duración aproximada: 2 h.

Monitor-guía: Elisa Pereira García.

FALADOIROS ARTESÁNS

Contido: nacen co obxectivo de ser debates abertos no que tratar diversos aspectos relacionados co mundo da artesanía. Nestes encontros, partindo do tema proposto en cada convocatoria e introducido polo poñente convidado, achegámonos ás experiencias compartidas, á análise da situación actual, ás novas formas de facer artesanía e ás súas formas de distribución, exhibición e comercialización. Nos obxectivos xerais priman o afán por protexer e divulgar os oficios artesanais, coñecelos no seu estado actual e ofrecer canles para a súa difusión nun proceso de achegamento dos mesmos á sociedade.

Temas a tratar:

- “ O obradoiro de cerámica castrexa da Fundación Terra Termarun: un punto de referencia no campo das réplicas arqueolóxicas”. Poñente: Sandra Obarrio Fernández.

Dirixido: ao público en xeral. Entrada libre

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: sen determinar. Será convenientemente difundida.

Horario: ás 20:00 h.



O ESCAPARATE

Contido: este proxecto que se inicia no 2013, intimamente ligado á nova andaina do C.A.T., ten por obxecto brindar un espazo de exposición á produción artesan lonxe dos canles habituais como poidan ser feiras e comercio especializado.

O proceso de selección dos traballos a exhibir iniciase coa publicación, de xeito trimestral, dunha convocatoria que convida á presentación do artesán e da súa produción. Valórase fundamentalmente a innovación tendo en conta a tradición e a materia prima.

Actualmente, exhibese no C.A.T. o traballo de José Manuel Salvado Sanín, artesán construtor de instrumentos de percusión tradicionais seleccionado na última convocatoria e que será relevado o vindeiro 15 de febreiro polo traballo seleccionado na convocatoria que agora se abre (ver apartado “convocatorias”).

Lugar: C.A.T (Centro de Artesanía Tradicional)

Datas: durante todo o ano.

Horario: dentro do horario establecido para o centro.

CONVOCATORIAS

- CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE TRABALLOS ARTESÁNS PARA “O ESCAPARATE”.

Obxectivo: apertura dunha nova convocatoria co fin de seleccionar traballos susceptíbeis de ser expostos no Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (C.A.T).

A través dun escaparate como son as instalacións do CAT preténdese facer chegar o traballo do colectivo artesán a un maior número de público. O resultado é a apertura da 1ª convocatoria deste ano, co fin de seleccionar os traballos que se exhibirán no CAT no 1º trimestre do 2014.

Participantes: artesáns que queiran dar a coñecer a súa produción.

Criterios de selección: valorarase a innovación tendo en conta a tradición, a materia prima, a creatividade e a funcionalidade das pezas.

Prazo de presentación de dossieres: ata o 26 de xaneiro, a través do correo electrónico referido no cadro final ou na sede do Museo Liste de Vigo.

- CONVOCATORIA I CONCURSO FOTOGRAFICO “A RECONQUISTA”

Contido: co gallo da celebración da festa da Reconquista o día 28 de marzo, convócase o I Concurso Fotográfico “A Reconquista” convocado polo Museo Liste.

Datas: nas que teña lugar a súa celebración oficial-

Bases:

Participantes: público en xeral, fotógrafos afeccionados.

Temática: A Reconquista Viguesa.

Envío das obras: a través da seguinte dirección de correo electrónico biblioteca@museoliste.org en formato jpg.

Prazos de entrega: ata o 7 de abril de 2014.

Selección de obras, xurado e fallo: o xurado que seleccionará as obras gañadoras estará formado por expertos en fotografía, membros do Padroado da Fundación Liste e persoal técnico do Museo. O fallo será publicado na páxina web do Museo e as fotografías gañadoras expostas na recepción do mesmo.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO:

MAÑÁNS : de 11:00 h. a 14:00 h.. TARDES: de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA A O MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: Centros de Ensino e Asociacións da 3ª Idade do Concello de Vigo; exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org

HORARIO CENTRO ARTESANÍA TRADICIONAL: CAT

Entrada gratuíta

MARTES E XOVES DE 11:00 A 14:00

MÉRCORES DE 17:00 A 20:00